



**Entidade solicitante:** Deputación de A Coruña

**Curso:** Plans locais de mitigación e adaptación ao cambio climático

**Necesidade formativa:** Moitas cidades e concellos de pequeno e mediano tamaño deben deseñar os seus Plans Locais de Mitigación do cambio climático; sen embargo non abundan as experiencias nas que inspirarse nin houbo moitos foros nos que compartilas. Tampouco abundan os manuais que aborden de xeito holístico todos os factores que interveñen na planificación das accións.

Este curso dota ao alumnado das ferramentas precisas tanto para interpretar os modelos e proxeccións do cambio climático do seu concello como para coñecer a lexislación nacional, as posibilidades de financiamento, elaborar Plans Locais de Mitigación e Adaptación e integrar neles ferramentas modernas de comunicación, educación e participación pública.

**Obxectivos:**

- Adquirir nocións básicas do cambio climático, causas e efectos.
- Coñecer de xeito específico a situación de emisións GEIs e de potenciais impactos do cambio climático en Galicia.
- Aprender e poñer en práctica a través do traballo en grupos unha metodoloxía xenérica para a elaboración de diagnósticos de risco climático e plans de adaptación.
- Aprender os recursos existentes para facer inventarios GEIs e definir plans de mitigación de emisións.
- Adquirir capacidades básicas para responder aos PACES (*Plans de adaptación para o clima e a enerxía sostible*) do Pacto dos Alcaldes.

**Persoas destinatarias (exclusivamente persoal de entidades públicas):**

Aberto ao persoal das entidades locais, especialmente ao relacionado coa planificación territorial, medioambiente, urbanismo, protección civil...



### **Programa:**

- Contexto do cambio climático internacional e nacional.
- Introducción á problemática do cambio climático.
- Cambio climático en Galicia
- Proxeccións, impactos e efectos (costa).
- Cambio climático en Galicia (interior e agropecuario)
- Emisións de gases de efecto invernadoiro.
- Inventarios GEIs
- PACES (mitigación)
- Diagnóstico de riscos (Teórico - práctico)
- Plans de adaptación (Teórico - práctico)
- Estratexias de educación e comunicación ambiental enfocadas a diversos axentes implicados. (Teórico – práctico).
- Técnicas de prospectiva aplicadas ao deseño e xestión de PACES. (Teórico – práctico).

### **Outros aspectos:**

*Número de prazas:* 35

*Duración:* 25 horas.

*Datas:*

- *Setembro:* 9, 14, 16, 21, 23, 28, 30.

- *Outubro:* 4, 5, 7.

*Horario:* de 16:30 a 19:00 horas.

*Modalidade (semipresencial/presencial/online):* videoconferencias en directo.

*Lugar / Ferramenta de impartición:* Zoom Profesional e/ou ou Adobe Connect.



**Profesorado:**

**M<sup>a</sup> Luz Macho Eiras.**

Licenciada en Ciencias Químicas.

Subdirectora xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático da Xunta de Galicia.  
1,5 horas.

**María Rosa Mosquera Losada.**

Doutora en ciencias biolóxicas.

Profesora Titular Departamento de Producción de Cultivos e Enxeñería de  
Proxectos de la Universidade de Santiago de Compostela. 6 h.

**Vera Estefanía González.**

Licenciada en Economía pola Universidade Autónoma de Madrid.

Conselleira técnica na Oficina Española de Cambio Climático (MITERD). 2,5 h.

**Efren Feliu Torres.**

Arquitecto Técnico e Especialista Universitario en Ordenación Territorial.

Xerente de Cambio Climático en Tecnalía. 10 h.

**Fernando Ramos García.**

Artes aplicadas e oficios artísticos.

Consultor en Comunicación e Educación Ambiental.

Membro do grupo internacional de expertos da UICN e do Convenio de  
Ramsar. 5 h.